



Victor Casqueiro Vasqueiro gaña o Campionato Provincial de Pontevedra de Rastro de Coello

O pasado 13 de setembro disputábase no Tecor "Coto Suído" en Covelo (Pontevedra) o Campionato Provincial de Pontevedra de Cans de Rastro sobre Coello, organizado pola Federación Galega de Caza en Pontevedra en colaboración coa Sociedade de Cazadores "Coto Suído".

Participaban na proba un total de 21 lotes, sendo finalmente M. Victor Casqueiro Casqueiro o vencedor da proba co lote formado por Lor, Rita, Rex e Cora que acadou 455 puntos. Segundo foi José Cacabelos Otero que acadaba 430 puntos con Rula, Rua, Mono e Illa, e no terceiro posto remataba Marcos Rodríguez Quintás con Bili, Negro, Pachi e Gitana e 425 puntos.

O premio ao mellor can era para Nata, conducido por J. Antonio Padín Cortegoso, que facía 130 puntos na proba.

Pos.	Participante	Lote	Puntos
1º	Victor Casqueiro Casqueiro	Lor / Rita / Rex / Cora	455
2º	José Cacabelos Otero	Rula / Rua / Mono / Illa	430
3º	Marcos Rodríguez Quintás	Bili / Negro / Pachi / Gitana	425
4º	Marcos Riobo Lamas	Rima / Brasa / Trisca / Tors	420
5º	J. Antonio Padín Cortegoso	Nata / Ulla / China / Roco	381

Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

www.federaciongalegadecaza.com